

Num. 274

FOUCE

Outubro 2009

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635

 **sindicato
labrego galego**
comisións labregas



FRANQUEO
CONCERTADO
F.C. NÚM. 1500077

Continúa a revolta leiteira na Galiza e en Europa



Ferrollterra, vintecincos de setembro. Dazaseis cisternas con 80.000l. de leite provinte de explotacións de nove concellos da comarca.

Labregas e labregos de todo o mundo estamos unidos polas mesmas loitas, e o nosos inimigos comúns son as grandes multinacionais respaldadas polos gobernos que deseñan leis á medida destes monstros do mercado. Dende comezo de ano, milleiros de membros das organizacións da Vía

Campesina sumáronse a estas protestas en Bruxelas e Estrasburgo, na Galiza, Madrid, Berlín, Francia, Bélxica, Alemaña, Portugal, Suíza, Indonesia, República Dominicana e ao longo de Estados Unidos. O sector leiteiro europeo, como ben sabemos as gandeiras e gandeiros deste país, vimos de endure-

cer as nosas protestas perante da constante negativa dos ministros e ministras de agricultura de defender nas instancias gubernamentais un modelo de produción leiteira xusto para as persoas -produtores/as e consumidores/as- e non soio para beneficiar as empresas.

Páxs. 6 e 7

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Charo Sánchez
Parga, Xabier Gómez Santiso,
Ana Rodríguez, Diego
Sánchez Agra e Sandra
Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tif: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tifno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

SANTA COMBA - R/ Carmen

Santiso nº22, baixo. Tif. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.

Tif. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tif. 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martiñez Pardo nº13, 1º

esq / Tifno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro sin

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tif. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tif: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Tif: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sosas nº 20,

Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.

Tif. 988 477230 Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tifno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tif. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.

982 403005

SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,

entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tif/Fax: 982 462103

A FONSGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.

Tif/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tif.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrecán E. Tif/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tif/Fax 986 573232

LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.

986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.

Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tif. 986 711825

Editorial, pax. 3

- **Política e ilegalidades.** Ás veces cómpre lembrarnos a nós mesmos/as que o feito de que as nosas reivindicacións sexan "legais" ou "ilegais" depende, simplemente, da medida en que a vontade política estea, ou non, do noso bando.




Galiza, paxs. 4, 5, 6 e 7

- A nosa independencia coma produtores e produtoras de planta está en xogo.
- "Terra de Seu. Breve historia do campesiñado galego".
- A revolta leiteira na Galiza.

Aldea Global, pax. 8

- A comunidade labrega internacional, unida contra a OMC e a agroindustria. As organizacións da Vía Campesina internacional poñemos a loita contra as multinacionais no eixo das nosas reivindicacións.



Sectores Gandeiros, paxs. 9

- Achegámonos á condicionalidade: que é? A que nos obriga?
- A Dirección Nacional de Vacún de Carne analizou a actual situación de prezos e mercado.
- Declaración de zona Z.E.P.A. na comarca da Limia.

Suplemento de seguridade laboral no agro, páx.10

- **A motoserra: riscos e medidas preventivas.** É esta unha máquina agresiva por deseño, mais no caso de erros ou despistes é perigosa até o punto de acadar o maior número de accidentes ó ano no referido a máquinas, graves na súa maioría e, nalgúns casos, mortais. Cómpre formación e experiencia no traballo con esta ferramenta.



Sectores Vexetais, páx.11

- A Dirección Nacional do viño valora a situación do sector. Apréciase unha mellora nos prezos, pero isto non significa a mellora da renda de todos os viticultores e viticultoras.
- Botemos atrás a ocupación de eucalipto e piñeiro nos nosos montes.

Mulleres, pax. 12

- Afiliadas e traballadoras do SLG participaron no Encontro Anual de Mulleres da COAG, que este ano tivo lugar en Zamora.
- A "píldora do día despois" venderase en farmacias, sen receita médica e a mulleres sen limitación de idade.



Agroecoloxía, pax. 13

- Mercar terras noutros países para producir alimentos: esta nova forma de colonización está a atacar fortemente ao dereito á soberanía alimentar dos pobos.
- Alimentos que non saben a nada.

Eira, paxs. 14 e 15

- Táboa informativa de tarifas eléctricas.
- Anuncios das nosas explotacións.

Esta publicación está cofinanciada pola



DEPUTACION DA CORUÑA

www.dicoruna.es

POLÍTICA E LEGALIDADES

O ataque que as decisións políticas en materia de agricultura están supoñendo para os distintos sectores produtivos deste país están sendo silenciadas polos grandes medios e grupos de presión e/ou disimuladas, á costa da xente, por quen comulga coas teorías máis agresivas para o conxunto da cidadanía.

A pesares de seren cada día máis cuestionadas no mundo enteiro as políticas neoliberais que hipotecan o futuro da alimentación, e polo tanto da humanidade, - tamén no considerado “primeiro” mundo -, esas que destrúen milleiros de postos de traballo labregos e non labregos, que comprometen o futuro da auga e do ar, que se queren facer donas da biodiversidade para engordar o seus xa millónarios beneficios, aínda hai quen xustifica todo iso na clase política e nos

seus secuaces en aras do libre mercado.

Libre mercado, por certo, tan libre que lle impide a calquera persoa de calquera urbe galega, mercarlle directa e “libremente” o leite aos seus veciños e veciñas gandeiras que o teñen que andar derramando nas leiras en sinal de protesta e como acto visualizador de todo o que se está derramando no noso rural a diario coa connivencia deses todos “defensores das liberdades.”

Así, séguese mantendo que a legalidade (Tribunal da Competencia) non permite fixar prezos mínimos para os alimentos, mais se adicásemos as nosas leiras a enche-las de paneis solares teríamos garantido, por lei, un prezo mercado politicamente para a enerxía producida.

Non debemos perder de vista para o debate outra estratexia coa que se nos pretende deslexitimar socialmente nas

nosas reclamacións de cambio de política para que se establezan prezos que cubran custes e traballo: darnos diñeiro público (axudas) dos e das contribuíntes en troques de garantirmos prezos.

Aínda que teríamos tanta lexitimidade para percibilas como calquera traballador/a contribuínte, pola necesidade e polo papel que xogamos e que na sociedade ninguén nos paga cando merca un litro de leite, un kilo de carne, de patacas, de tomates ou de uvas.

O que non custaría un só euro, - máis alá do que lle pagamos aos ministros e ministras - sería reconducir ou reconsiderar decisións políticas claves para o porvir das labregas e labregos e do conxunto da sociedade.

O futuro non depende de legalidades, depende de vontades.

Xogámonos a nosa independencia coma produtores e produtoras

As labregas e labregos que tradicionalmente facemos a planta para as nosas explotacións e vendemos parte dela nos nosos mercados locais e na casa como complemento das nosas rendas, estamos outra vez no punto de mira da Administración e os grandes grupos empresarios

Como xa vos informamos no Fouce número 273, alertando deste novo ataque ás explotacións deste país, a Administración está a entregar nos mercados locais, ás labregas e labregos que fan venda de planta propia, un formulario para inscribirse coma produtores/as de plantas de viveiro.

Ante esta conxuntura, e despois de debater a problemática na Dirección de Horta do SLG, celebrada o pasado 10 de setembro, decidiuse ter un contacto coa Administración de cara a prantexar as nosas inquecandanzas ante dita problemática.

Primeiro reunímonos o 24 setembro na Delegación do Medio Rural de Ourense (provincia na que xa se están a entregar os formularios) cos responsables do Servizo de Sanidade Vexetal, neste encontro chegamos a varias conclusións:

1º Están intentando implantar algo que vén dende Madrid e aquí non o teñen desenvolto, xa

que toda a normativa que nos prantexaron é estatal.

2º Falan de inscribirse nun rexistro que non existe na Galiza, polo que sería tamén o rexistro estatal.

3º Con boas verbas falan de que entenden a nosa problemática e que eles mesmos aplican excepcións, coma non pedir o pasaporte fitosanitario, entre outros. Mais na realidade non entenden o que nós prantexamos.

4º Intentan quitarlle ferro ao tema, dicindo que basicamente o que se pretende é ter un control no caso de todas as pragas que van vir de África por mor do cambio climático.

Dende o Sindicato Labrego Galego, vemos esta manobra coma un ataque ao dereito que como labregas e labregos temos a producir, regalar, intercambiar e vender as plantas producidas por nós mediante sistemas tradicionais de selección, mellora e multiplicación das mesmas.

Actividade que realizamos os labregos e labregos do planeta dende hai séculos.

Non entenden que falamos dunha produción complementaria, asociada a outros cultivos ou producións como unha diversificación económica da propia explotación, que contribúe a mellorar os ingresos aos labregos, en particular ás mulleres.

Nós non somos viveiros.

Ademais, o feito de que intenten controlar e obrigar ás labregas e labregos a cumprir os requisitos no mesmo nivel que as empresas e industrias produtoras de sementes e viveiros é un ataque máis ao intento de acadar o dereito á soberanía alimentar do pobo galego.

Como xa vimos contemplando noutros eidos, este tipo de manobras supón antepor os intereses dos grandes grupos de sementes e agrotóxicos aos dereitos que como labregas e labregos temos.

Falan de servizo técnico, de

instalacións apropiadas, cámaras frigoríficas, rexistro de variedades, control das parcelas e da comercialización das plantas...

Isto é máis control, máis burocracia e menos recoñecemento da laboura de mellora e mantemento de variedades locais, de preservación da nosa biodiversidade e dun medio rural vivo con persoas, que son algunhas das cousas que aportamos á sociedade as labregas e labregos produtores de alimentos.

A día de hoxe temos solicitada unha xuntanza co Director Xeral de Producións Vexetais, de cara a chegar a unha solución do problema que se nos prantexa e un desenvolvemento da lei a través dun Decreto adaptado ao noso país, e que contemple a excepcionalidade das nosas labouras.

Charo Sánchez Parga,
Secretaria de Agroecoloxía, Terra e Montes no SLG

“Un ataque ao dereito que como labregas e labregos temos a producir, regalar, intercambiar e vender as plantas producidas por nós mediante sistemas tradicionais de selección, mellora e multiplicación das mesmas”

Soberanía alimentaria e alternativas perante a crise, dende o rural

Lidia Senra analiza canda a mocidade as achegas do rural á sociedade en xeral



Xornada “Resistências no agro galego”, organizada o pasado 31 de agosto pola Asociación Cultural Foucelhas, xestionada pola rapazada de Ordes.



Canda a CIG e a CUT, na mesa redonda “Alternativas á crise”, que tivo lugar o 5 de setembro enmarcada no XIII Festival de Poesía do Condado.



A necesidade de acadarmos a soberanía alimentar para Galiza foi o eixo protagonista desta palestra que tivo lugar na comarca da Seabra, dentro segunda edición do Acampamento de Montanha da Agrupación de Montanha Augas Limpas (AMAL) o pasado 19 de setembro.

Terra de seu.

Breve historia do campesiñado galego

A compañeira Tareixa Ledo Regal achéganos ao novo libro que acaba de presentar Manuel Regal Ledo: "Terra de seu. Breve historia do campesiñado galego". Tanto pola súa traxectoria como polas súas varias publicacións, o autor destaca por unha vida chea de admiración e aposta pola aldea, tanto en terras de Candia (Abadín) onde vive, como polo seu traballo de anos no Movemento Rural Cristián de Galicia. Este novo libro seu recolle precisamente os 24 capítulos que foron saíndo durante 6 anos en "Fervenza", a revista trimestral desta organización.

Como ben se comenta na introducción do libro, o título "Terra de seu, ten moito que ver coa que foi unha das máis fondas aspiracións dos homes e mulleres do campo galego durante séculos: ter terra de seu, sobre a que libremente fundamentar unha vida digna."

O libro quiere así ser "unha homenaxe sobradamente merecida a tantos antepasados nosos, con corpo e alma de home ou muller rurais, que fixeron historia, a nosa historia a ritmo de teimudas aspiracións, que sempre deron os seus froitos."

O libro vai facendo así un percorrido duns 2.000 anos pola historia da Galiza; e faino desde unha mirada cordial, desde a terra

e desde a xente da aldea.

Unha das súas orixinalidades é a súa forma narrativa que combina entrevistas, diálogos e narracións en primeira persoa por parte de personaxes imaxinarios de cada unha das épocas.

Así, o libro arrinca con Brico, un rapaz de 15 anos que vive no castro de Viladonga; recolle a conversa de Bandua e Nabia que van de camiño pola vía romana 19 aló polo ano 213; e a de Exeria, en pleno século VI, a piques de casar con Xistriz, un mozo suevo.

As cavilacións de Cresconio, un labrego do século XI, recórdannos as presenzas do pobo suevo, do bretón, do musulmán e do normando na nosa te-

rra. E a entrevista de Fervenza ó labrego Gaifero achéganos en pleno século XIII á época dos foros, un sistema de tenencia da terra que durará uns 700 anos. E así continúan, un tras doutro, os relatos, as conversas e as entrevistas, que nos van introducindo na nosa historia ata o capítulo 22 no que se relata a entrada no Mercado Común Europeo, aló polos anos 80.


E finalmente o derradeiro capítulo 24, preguntase polo futuro do campo, polo futuro da aldea, polo futuro de labregas e labregos: "Quizabes sexa a hora de soñar un pouco, por ver se os soños valen tamén para ir facendo camiño"...

Benvido sexa logo un

libro coma este, que pon no centro do relato a xente labrega.

Benvido un libro coma este, que nos ofrece unha visión sinxela, que o fai accesible a calquera lector ou lectora, e nos proporciona unha comprensión global da nosa historia labrega, unha das súas riquezas máis destacables. Benvido un libro coma este, de lectura áxil e envolvente, coma se dunha novela se tratara, desas que unha quer ler e seguir lendo aínda a altas horas da noite.

Ogallá nos axude a agarimar as nosas raíces labregas. Ogallá nos axude a recuperar a memoria da Terra. De seguro que dese xeito teremos sobrada forza para construír o futuro.



O libro quiere ser unha homenaxe a homes e mulleres labregas que fixeron a nosa historia a ritmo de teimudas aspiracións que deron froitos.

Podés mercar este libro, ao prezo de 5€, pedíndoo ao Gabinete de Prensa do SLG: 649 541 773 ou prensa@sindicatolabrego.com

VII Romaría POR UN MUNDO RURAL VIVO na comarca de Ordes

O orgullo de vivir no rural

A romaría reivindicativa que tradicionalmente as compañeiras e compañeiros do local do SLG en Ordes viñan organizando o 31 de agosto, foi adiada este ano por mor das mobilizacións do sector leiteiro que tiveron lugar neses días.

Finalmente, o venres 11 de setembro tivo lugar a celebración da sétima edición da romaría "Por un mundo rural vivo", que nesta ocasión foi unha festa coa que reivindicarmos "O orgullo de vivir no rural".

Xuntámonos na carballeira de Vilouchada (Trazo), onde dende pola mañá até a noite disfrutamos dunha xornada de lecer e unidade.

Baixo un sol magnífico compartimos unha xornada protagonizada polos nosos produtos caseiros, e tamén con queimada, música, bailes e xogos.

Nunha comarca leiteira como é Ordes, a preocupación pola crises que está a afectar as nosas explotacións ficou en todo momento presente, mais temos claro que as ganas de festexar todos e todas xuntas, non nolas poderán sacar nunca.



Exposición de apeiros do agro na carballeira de Trazo.



As cativas e cativos disfrutaron dun día de xogos.



Paneis e imaxes do agro para decorar a carballeira.



Semana europea por un prezo xusto para o leite

Co gallo das reunións mantidas pola Comisión de Agricultura para abordar medidas para o sector leiteiro, a Coordinadora Europea Vía Campesina, da que o SLG forma parte, fixo un chamamento á mobilización conxunta en Europa do 1 ao 7 de setembro. O SLG mantivo unha acampada reivindicativa en Compostela, co obxectivo de abordar en conxunto, produtoras/es e consumidoras/es, as claves da crise do sector leiteiro, aliás de chamar atención sobor dos resultados das reunións europeas. A semana de mobilizacións rematou co desprazamento a Santander o 7 de setembro, -coincidindo coa celebración, en convocatoria extraordinaria, do Consello Europeo de Agricultura-, onde tivemos unha xornada informativa canda gandeiros e gandeiras do Estado.



MARTES 1.

Ás 11:30hrs. tivo lugar unha concentración reivindicativa na Praza do Toural.

Ás 16:30hrs. convocouse a representantes dos grupos parlamentares na Carpa na Alameda de Santiago de Compostela, á que só acudiu o representante do BNG. Tamén tivo lugar o reparto de materiais informativos polas rúas de Compostela ao tempo que a carpa funcionou como espazo de encontro entre produtores/as e consumidores/as.



MÉRCORES 2.

Mantendo o reparto de folletos informativos, que tivo lugar tódolos días, no segundo día de acampada foi cando se abriu a "Caixa de Resistenza". Esta consistiu na venda de leite achegado diariamente polos gandeiros e gandeiras aos que lles tocaba turno de ficar na acampada. Cómpre salientar o grande éxito que esta medida tivo entre a cidadanía. Pola noite, Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, falou das recentes mobilizacións no sector leiteiro na charla "O leite é noso. Poñámoslle o prezo."



XOVES 3.

Durante todo o día continuamos coa venda de leite, ademais de seguir repartindo información sobre a crise do leite e a necesidade de acadarmos un prezo mínimo que cubra custos e traballo. Ás 20:30hrs. tivo lugar un encontro con organizacións sociais e asociacións da Galiza.



VENRES 4.

Continuamos coa venda de leite para a Caixa de Resistenza na praza do Toural. Ás 20:30hrs. tivo lugar a presentación e debate sobre a situación internacional do leite e o modelo da OMC a cargo de Lúcia Senra.



SÁBADO 5.

Ás 13:00hrs. tivo lugar unha charla a cargo de Xosé Ramón Cendán, Responsábel de Relacións Internacionais do SLG, dando conta da posición do SLG e as nosas propostas para unha nova política leiteira en Europa.



Luns 7. Santander.

Máis dun cento de gandeiras e gandeiros partiron o domingo 6 cara Santander, onde nos xuntamos con labegos e labregas de Asturias, Euskadi, Castela Leon e Cantabria. A primeira hora da mañá, Carme Freire participou na entrega de propostas ao Secretario de Estado de Medio Rural e Auga: Josep Puxeu.

Explicación sobre a demanda presentada por Emilio López Pérez contra o SLG

Emilio López Pérez demanda ante o xulgado do social de Lugo ao Sindicato Labrego Galego por despedimento. O demandante di que presta servizos no SLG desde 1979 e que lle foi concedida excedencia forzosa por cargo público en 1993 e solicitou o reingreso en maio do 2009.

A entrada do xulgado, antes do xuízo, o seu avogado pediulle ao Secretario de Relacións Laborais, Manuel Docampo Paradelo, que o Sindicato lle pagase a cantidade de 30.000 € e lle amañase para cobrar o paro, cuestións ás que non se acedeu, obviamente.

A sentenza da por probado que a relación laboral comeza o 7 de novembro de 1989, non en 1979.

Tamén di que existiron períodos superiores ao mes legalmente estableci-

do entre as tres lexislaturas nas que Emilio López foi elixido deputado no Parlamento de Galiza, e un período de catro meses dende que deixa de ser deputado e pasa a ser Delegado de Medio Rural en Lugo, sen que neste tempo se puxera en contacto co SLG no referente á súa reincorporación laboral.

A resolución "textualmente" desestima a demanda presentada por Emilio López Pérez e en virtude diso **absolve ao Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas das peticións deducidas na súa contra.**

Se precisades maiores aclaracións poñedeivos en contacto, a través dos locais, co Secretario de Relacións Laborais: Manuel Docampo Paradelo.

Folga europea polo prezo do leite e a modificación das políticas agrarias

Arredor das 22:00hrs. do luns 14 de setembro, o SLG sondeou ao sector, mediante a realización de quince asembleas abertas simultáneas en zonas leiteiras de todo o país -Ordes, Arzúa, Teixeira, Irixoa, San Sadurniño, A Capela, Sarria, Ribadeo, Meira, Vilalba, Santa Comba, Muxía, A Estrada, Lalín, e Chantada- ao respecto de secundar a folga do leite (paralización de entregas e industrias) iniciada facía xa unha semana en Europa. Decidimos levar a cabo accións de apoio por comarcas.

A Dirección Nacional do Leite, reunida o 21 de setembro, valorando o comentado nas asembleas, e logo de falar tamén, mediante videoconferencia, con un gandeiro francés e outro alemán, decidiu a convocatoria de actos de apoio á revolta leiteira que en toda Europa se estaba mantendo.

Avaliadas as condicións coas que nos atopabamos a curto prazo, e ao non contar co apoio doutras organizacións agrarias, que lle seguen pedindo ao sector "paciencia" para arruinarse, e tendo unha porcentaxe de compromisos de adhesión á folga de entregas superior á que dera inicio á folga en países como Francia ou Alemaña, comezamos as accións a partir do mércores 23 de setembro.

A non entrega de leite ás industrias alternando comarcas foi acompañada do espasmo de leite en leiras de catro comarcas do país.

O noso obxectivo foi transmitir que o prezo do leite é tan baixo, que antes de regalárlas ás industrias para que se enriquezan á nosa costa e á dos consumidores e consumidoras, consideramos nese momento útil empregalo para chamar a atención da cidadanía, mantendo a crise do leite nos medios de comunicación, para co apoio da opinión pública presionar e obter solucións por parte dos gobernos.

Todas as organizacións integrantes da Coordinadora Europea Vía Campesina, esiximos medidas políticas para rematar con esta crise. É dicir: o establecemento dun prezo mínimo para o leite que cubra custes de produción e remuneración do noso traballo, a redución da produción para equilibrar produción e demanda, a redistribución da cota global europea en base a criterios sociais e o mantemento de mecanismos de control da produción.

Prezos na videoconferencia

Entre os datos aportados polo gandeiro da Bretaña francesa, René Louail (da Confédération Paysanne-Coordenadora Europea Vía Campesina) salientamos o do prezo que se estaba a cobrar en Francia para o mes de agosto -o "prezo francés" ao que o resto de organizacións agrarias queren levar ás produtoras e produtores de leite da Galiza- que se atopaba nos 0,24€/L.

Un prezo que, obviamente, non lle vale nin aos franceses/as, xa que foron dos primeiros países en iniciar a folga de entregas.

Ulrich Jasper, da Arbeitsgemeinschaft Bäuerliche Landwirtschaft en Alemaña, tamén da Vía Campesina, denunciou que explotacións das máis dimensionadas (Alemaña é a primeira produtora de leite europeo), están cobrando entre 0,19/0,20€, estando a media alemá en 0,22/0,23€.

375.000 € do sector produtor para financiar as reunións da Comisión de Seguimento

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM) vén de reformar o contrato homologado de venda de leite cru, supoñemos que con motivo do "histórico" acordo que asinaron en Madrid co obxectivo de revitalizalo.

Entre as reformas, é curiosa a máis novedosa: A Comisión de Seguimento teñen que financiar a os/as asinantes do contrato -produción e industria- a medias, a razón de 0,06 euros por tonelada cada parte, é dicir, 0,12 en total; de tal xeito que se toda a cota do estado se vendera con contrato, tal e como pretende o Ministerio e os seus lacaios, a Comisión de Seguimento vai ter un orzamento anual de arredor de 750.000 euros, que veñen sendo 125 millóns das antigas pesetas.

A metade, por suposto, tena que pagar o sector produtor, que debe ser que consideraron que está moi sobrado cos prezos que leva cobrados no último ano.

"La Comisión de Seguimiento cubrirá sus gastos de funcionamiento mediante aportaciones paritarias de los suministradores y de los transformadores/receptores, de 0,12 €/1.000 litros a razón de 0,06 €/1.000 litros por cada parte contratante, haciéndose responsable el transformador/receptor de la recaudación de la totalidad de dichas aportaciones y de su posterior transferencia a la Comisión de Seguimiento."

A lóxica pregunta é saber a que se van adicar estes cartos: poden ser dietas para Puxeu -Secretario de Estado de Medio Rural e Auga-, ou para que a susodita Comisión se reúna nun casino con cena de gala e timba de ruleta, ou para pagar os fraudes de contrato que faga a industria, ou se cadra para que esta non se sinta perxudica-

da pola política contractual do Ministerio.

Tamén pode ser que o que se pretenda sexa contratar a labor de seguimento dos contratos a un *consulting* deses de laretas que cobran grandes cantidades da Administración sen que ninguén saiba moi ben que fan concretamente.

"Dicha Comisión podrá delegar en una entidad privada, independiente y de acreditada solvencia, la custodia de documentos y datos confidenciales".*

O que está claro é que é un novo exemplo de austeridade para saír da crise que non teñen os que están na Comisión de Seguimento.

Sería bon que o MARM, que ten tanto interese nos contratos, financiara esa comisión que el mesmo creou, sen que ninguén llo pedira. Xa que non ten cartos para sacar ao sector da crise, polo menos que pague os canapés.

O sector tamén lle agradecería unha mínima preocupación pola situación que atravesamos e unha mínima ansia por soluciónala, xa que esta crise tamén foi creada pola política que eles defenden.

En fin, simplemente que dunha vez por todas propoñan algunha alternativa sería dende o goberno para sacar da crise ó sector produtor leiteiro, en lugar de tanta fanfarria, nada de autocritica, nada de cambio de política, e máis despilfarro para manter ós amigos quitándolle máis cartos a un sector produtor ó borde da ruína total.

Para ter Ministerios así, mellor estar sen eles.

[Extractos do Contrato Homologado actualizado]



COMPOSTELA. [23 de setembro] Na primeira acción, en Nemenzo, verqueronse 60.000 litros de leite, transportado en 14 cisternas, e recollido en aproximadamente trescentas explotacións das comarcas do Xallas, Arzúa, Ordes, Compostela e Costa da Morte.



FERROLTERRA. [25 de setembro] Nesta acción reivindicativa espárese máis de 80.000 litros de leite, transportados en 16 cisternas, e provintes de explotacións de 9 concellos da comarca: San Sadurniño, Moeche, Ortigueira, Cerdido, Somozas, A Capela, Mugardos, Narón, e As Pontes.



TERRA CHÁ. [28 de setembro] Nesta mobilización empregáronse aproximadamente 85.000 litros de leite, trasladados en 10 cisternas, e cedidos por unhas 450 explotacións da comarca aproximadamente, comprendendo os concellos de Abadín, Guitiriz, Xermade, Vilalba, Cospeito e Castro de Rei.



BETANZOS TEIXEIRO. [29 de setembro] Neste acto reivindicativo participaron aproximadamente 400 explotacións, pertencentes aos concellos de Sobrado, Curtis-Teixeiro, Vilasantar, Cesuras, Irixoa, Paderne, Vilarmaior, Monfero, Oza e Mesía, que aportaron un total de 90.000 litros de leite, transportado en 11 cisternas.



O pasado 7 de outubro a ministra do medio rural, Elena Espinosa, acudiu a un acto en Santiago de Compostela. A prensa preguntoulle canto estaban a cobrar as explotacións, ela dixo que 0,30€/L. C. Freire, Secretaria Xeral do SLG, convidada tamén a este acto, non desaproveitou a oportunidade para esixirlle que defenda xa o establecemento dun prezo mínimo para o leite.

O 16 de outubro do 2009 constitúese como o primeiro día de acción contra as multinacionais

A comunidade labrega internacional unida contra a OMC e a agroindustria

As corporacións transnacionais son os nosos inimigos comúns, das labregas e labregos do mundo, xa que constitúen a forma actual do capital que exerce o control sobre as nosas economías.

Grazas á regulamentación deseñada á medida das grandes corporacións pola Organización Mundial do Comercio (OMC), a alimentación vai camiño de ser un luxo para as élites, deixando a outro lado non só á poboación que morre de fame, senón tamén a aquelas clases medias e baixas que nas que aumentan as enfermidades por da mala alimentación barata posta en circulación polas grandes industrias dos agronegocios.

Nas zonas rurais estamos a ver unha feroz ofensiva do capital e as transnacionais sobre a agricultura e os bens naturais, é unha guerra privatizadora de refugallo contra

labregas, labregos e indíxenas, un roubo privatizador da terra, a biodiversidade, a auga, as sementes, a produción, o comercio agrícola.

Non se trata soamente das transnacionais dos agronegocios, tamén estamos a falar das adicadas ás extraccións mineiras, ao monocultivo de árbores, aos encoros, ás eólicas, ás que controlan os mercados de distribución, e en xeral, todas aquelas que involucran a expansión de industrias contaminantes que están a disputar e apropiándose da terra, a auga e o territorio.

No momento en que os pobos exercemos os nosos dereitos e resistimos este refugallo xeneralizado, ou cando somos obrigados a



Cartaz de campo experimental atopado na zona de Vilalba. As multinacionais da agroindustria, as nosas inimigas coma produtoras e produtores de alimentos, intensificaron recentemente a súa presenza na Galiza. O pasado 5 de outubro, MONSANTO xuntou en Ordes a 430 gandeiros de todo o país nunha leira sementada con máis de 12 variedades de millo distintas.

ingresar nos fluxos migratorios, a resposta foi criminalización, represión, presos e presas políticos, asasinatos, muros da vergoña e máis bases militares.

É por isto que A Via Campesina chamamos a loitar contra as corporacións transnacionais en xeral e en particular contra Cargill, Monsanto, Nestlé, Syngenta, Walmart, que ameazan directamente ás nosas comunidades campesiñas e indíxenas.

É a ruta de loita para os próximos anos: declaramos a guerra ás corporacións transnacionais.

Por iso o pasado 16 de outubro chamamos ás organizacións que integran o movemento campesiño internacional A Via

Campesiña, aos nosos aliados/as e amigos/as, aos traballadores e traballadoras da cidade, aos cidadáns en xeral, o noso rexentamento contra MON-

SANTO e os transxénicos. Con toda a creatividade de loita da que somos capaces, fagamos ouvir o noso berro no mundo.

Día Internacional contra a OMC

Cada ano, con ocasión desta data, rememoramos a mobilización da Vía Campesina internacional contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) en Cancún o 10 de setembro do 2003, na que o labrego Lee Kyung Hae escalou a reixa fronte da OMC, cun cartel sobre o cal estaba escrito: "A OMC mata os campesiños!". Algúns instantes despois, vimos sangue que brotaba do seu peito. Lee sacrificouse para lembrar aos grandes que deciden sobre o planeta as súas correspondentes responsabilidades fronte á desaparición das economías labregas no mundo.

Do vindeiro 30 de novembro ao 2 de decembro terá lugar Sétima Conferencia Ministerial da OMC en Xenebra. Até alí achegaranse as organizacións pertencentes á Vía Campesina.



Lee Kyung Hae

As multinacionais da alimentación, beneficiarias da crise mundial



Gustavo Duch, ex-director de Veterinarios Sen Fronteiras

Recentemente Gustavo Duch Guillot, ex-director de Veterinarios Sen Fronteiras e Colaborador da Universidade Rural Paulo Freire, compilou un artigo os efectos que a crise mundial (económica, enerxética e alimentar) supuxo para as grandes multinacionais do agronegocio. Extraemos a continuación algún dos datos máis reveladores.

Cargill, a comercializadora de grans máis grande do mundo, reportou para o ano 2008 un incremento das súas ganan-

cias de cerca do 70 por cento con respecto a 2007. Wilmar International, unha das maiores produtoras e comercializadoras de aceite de palma do mundo obtivo un incremento de algo máis do sétuplo nos dous últimos anos.

O conglomerado de agronegocios máis importante de Asia, Charoen Pokphand, que por agora é o primeiro produtor mundial de alimento para gando animal e de lagostinos, e o segundo produtor avícola do mundo, incrementou nun 145 por cento os seus beneficios no último ano. As ganancias de Nestlé do 2008 subiron un impresionante 59 por cento, e o incremen-

to de Unilever achegouse ao 38 por cento.

Semella, polo tanto, que durante este período de forte recesión económica acompañado da crise alimentaria resulta que, precisamente as corporacións da agroindustria co seu control da alimentación mundial, viven nunha primavera prodixiosa.

As produtoras e produtores, fica claro, non fomos partícipes desta tendencia á alza nos beneficios, xa que a día de hoxe os prezos que nos pagan polo noso traballo non compensan o aumento dos prezos dos insumos e outros custos que se requiren para as nosas producións.

A CMR está facendo as inspeccións de condicionalidade

Que é a condicionalidade?

A reforma da PAC do ano 2.003 supuxo un cambio moi radical tamén nas axudas directas, incluíndo como elemento fundamental o Réxime de Pagamento Único. Ao mesmo tempo, introduciu a partir do ano 2.005 a condicionalidade.

Que é?

Un conxunto amplo de obrigas que temos que cumprir en todas as explotacións que recibamos as seguintes axudas (entre outras):

- Pagamento único.
- Cultivos herbáceos.
- Ovino-cabrun.
- Carne de vacún (nutrices, sacrificio, pagamentos adicionais).
- Pagamento adicional do sector lácteo.

Na Galiza aféctalle a case 50.000 solicitantes da PAC e contrólanse uns 2,800.

As obrigas

Boas condicións agrarias e medioambientais.

Requisitos legais de xestión, que engloba: Ambito de saúde pública, zoonosidade e fitosanidade, Ambito de Medio Ambiente e Ambito de Benestar animal.

En que consisten?

Non teñen que ver coas de superficies, nin co CES, etc, etc. Moitas veces é difícil enterarse de qué nos veñen inspeccionar porque pasa moita xente polas explotacións pero é importante.

As inspeccións da condicionalidade fanas persoal da Consellería do Medio Rural e do Fogga. Como ten tantos aspectos, veñen varias persoas.

Controlan distintos elementos da explotación que figuran nunhas actas que cubren, asinan, asinamos o/a labrego/a e déixannos unha copia.

É moi importante ler a acta antes de asinala. Gardala, e se non se entende algo levala ao local do SLG. Se hai incumprimentos, o Fogga será o que impoña a sanción.

Documentación

Fannos preguntas, miran e pídennos (dependendo de que ámbito da condicionalidade veñan controlar) distinta documentación que hai que ter dispoñible e cuberta, que é:

- Libro da explotación
- Libro de medicamentos coas receitas
- Libro rexistro de uso de

fitosanitarios coas facturas ou albaráns de compra e/ou contrato coa empresa ou cooperativa que nos presta o servizo

- Albaráns dos pensos
- Documentos MER
- Identificación e rexistro dos animais
- Letra Q: Rexistro de entrega do leite, tanque identificado coa letra Q.

■ Analíticas de pensos e de silos no caso de que se fixeran.
.- Se consideran que é unha negligencia: o 1%, o 3%, o 5%

Que reducións aplican nas axudas?

-Se é unha negligencia repetida: ata o 15%

-Se consideran que é intencionado: entre o 20% e o 100%
SE TENDES DÚBIDAS, PASÁDEVOS POLO VOSO LOCAL DO SLG

Mercados e prezos no vacún de carne

Reunión da Dirección Nacional de Carne

Estamos nun momento en que os prezos, sendo malos non están no seu peor momento, pero debido a que hai pouca carne no mercado, polo que esta situación pode cambiar en calquera momento.

Non ostante, o prezo dos becerros en moitos casos nen sequera paga os gastos de crialos, polo que o salario dos traballadores/as e o beneficio das explotacións de carne vén das axudas, ou o que é o mesmo: as explotacións dependen absolutamente das axudas para poder seguir mantendo a actividade, xa que os prezos, como media están entre 4,20 e 4,80 euros quilo canal.

Valorouse a situación da língoa azul, pra o que se contou con un veterinario, e constatouse que posteriormente ás vacunas, en

moitas explotacións danse cuadros de abortos, vacas que paren antes de tempo, becerros débiles acosados por diarreas e chagas na língoa, e incluso algún animal morto. Acordóuse dirixirnos á CMR para que investigue estas situacións que están aportando altas perdas ás explotacións, e pensamos que incrementando a mortalidade de xeito notorio; non podemos dicir que sexan as vacinas as que provocan estas situacións, pero sí que se dan despois de poñer as vacinas.

En canto ás axudas tamén acordamos dirixirnos á CMR para pedirlle que subsane situacións que consideramos anómalas, tanto nas axudas de razas autóctonas en extensivo, coma nas de recría.

Declaración de zona Z.E.P.A. na comarca da Limia

Ante as noticias aparecidas nos medios de comunicación en relación coa declaración de Zona de Especial Protección de Aves na Comarca da Limia (ZEPA), queremos en primeiro lugar criticar a falta de información e transparencia por parte da Consellería de Medio Ambiente.

Desde que se iniciara este proceso de declaración de zona Z.E.P.A. constituírase unha comisión de negociación presidida polo anterior Conselleiro de Medio Ambiente, na que se daba conta en todo momento do proxecto e escoitábase ás partes que integraban esta comisión. Iso desapareceu, xa que agora témonos que enteirar polos medios de comunicación dos plans que ten o novo Goberno para solucionar un problema que está a causar unha gran desconfianza e un gran malestar entre os labregos e labregas da comarca.

En segundo termo, criticar tamén a utilización política que se está a facer desta cuestión: onde antes era "boa para a comarca" agora é "a ruina total para os agricultores/as", e onde antes había unha oposición frontal á declaración

agora xa din que "Medio Rural ten o obxectivo de non perxudicar a actividade agraria".

O Sindicato Labrego opúxose á declaración de Zepa nos termos que pretendía facerse, agora ben, non temos ningún tipo de problema coa ZEPA, sempre e cando se teña en conta @s labreg@ que viven do seu traballo e da terra e sexamos capaces entre todos/as de compatibilizar os intereses de tódalas partes.

Sexamos coherentes e intentemos buscar unha saída negociada polo ben de todos e todas.

O consello comarcal do SLG, ante a situación de descoñecemento do proxecto presentado en Bruxelas, e pola intransquilidade e desconfianza que xeran as noticias publicadas na prensa, reuniu o pasado 10 de setembro, decidindo facer unha convocatoria de todos os membros da plataforma para intentar entre todos solicitar unha reunión da mesa de negociación creada no seu día para que se nos explique polo miúdo en que consiste o proxecto presentado por parte da Consellería.

A MOTOSERRA

Riscos e medidas preventivas



Cofinanciado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

TIPO DE RISCO	FACTORES DE RISCO	MEDIDAS PREVENTIVAS
<p>1. Caídas de persoas ó mesmo nivel.</p> <p>Nota: Se o operario ou operaria realiza as tarefas adoptando posturas estranas ou incómodas, corre o risco de perder o equilibrio ou esvarar e caer sobre obxectos (troncos, pólas, restos da tala, ou enriba da propia motoserra).</p>	<ul style="list-style-type: none"> Non adoptar as posturas axeitadas nas distintas tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer as técnicas forestais para realizar as operacións con seguridade. Poñer os pés firmemente no chan, coas pernas ben separadas, para que o corpo teña un apoio firme.
<p>2. Caída de obxectos por manipulación.</p> <p>Nota: Existe a posibilidade de que caian sobre o operario ou operaria as pólas cortadas ou a propia máquina ó perder o equilibrio. Para estas tarefas deberanse empregar outras ferramentas de uso forestal coma a motoserra de pértega ou tesoiras de pértega hidropneumática.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Uso da motoserra para cortes de pólas altas. 	<ul style="list-style-type: none"> Non empregar esta ferramenta nunha altura superior á dos ombreiros do operario ou operaria.
<p>3. Caída de obxectos desprendidos.</p> <p>Nota: Se non se observa un procedemento de traballo seguro, poden caer sobre o/a operario/a ben pólas ben árbores que son cortados por outros/as traballadores/as da cuadrilla e que efectúan tarefas nas proximidades. Os/as verdadeiros/as profesionais coñecen estes procedementos e teñen en conta: o sentido e forza do vento, a forma da copa da árbore, as irregularidades que poida presentar, presenza de neve nas copas, sanidade e compactidade da árbore, obstáculos existentes, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Non deixar a distancia de seguridade co resto de operarios. Traballar en condicións atmosféricas desfavorables. 	<ul style="list-style-type: none"> Ter coñecemento das técnicas forestais e experiencia. Dispoñer dunha zona de seguridade segundo a altura das árbores a cortar. Vixiar que non haxa xente na zona de caída da árbore cortada, avisando da caída. Comprobar a inexistencia de atrancos no alcance da caída da árbore (líñas eléctricas, camiños, etc.)
<p>4. Pegadas sobre obxectos.</p> <p>Nota: Hai que ter en conta a irregularidade do chan e a existencia de restos de corte de pólas ou troncos, coa posibilidade de cravalos nos pés, ou de moveiros ó pisar provocando o corte ou punzamento noutra parte do corpo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Non utilización de roupa e calzado de seguridade. Camiñar sen fixarse onde se poñen os pés por ir pendente doutras tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> É indispensable empregar o equipo completo de protección recomendado polo fabricante da máquina, neste caso concreto, as botas. Poñer atención nos desprazamentos para asegurarse onde se pon o pé.
<p>5. Choque contra obxectos inmóviles.</p> <p>Nota: É doado que se produzan choques contra árbores ou troncos tirados no chan, así coma coas pólas ó ir camiñando sen fixarse nos atrancos que poida haber.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Desprazarse camiñando coa mirada posta nas árbores sen fixarse nos atrancos que poidan aparecer no chan. 	<ul style="list-style-type: none"> Poñer atención nas zonas por onde se camiña para poder advertir os atrancos posibles e deténdose, se fora preciso, para mirar cara arriba.
<p>6. Choques ou contactos con elementos móbiles da máquina.</p> <p>Nota: A formación e experiencia do/a traballador/a son importantísimas, ó tempo do mantemento da motoserra en bo estado, pois garante o funcionamento de tódolos dispositivos de seguridade que posúe. Cómpre salientar coa mesma, a importancia do afiado de coitelas, do tensado da cadea, da lubricación correcta da máquina, etc..</p>	<ul style="list-style-type: none"> Desprazamento coa motoserra sen deter o movemento da cadea. Utilización non axeitada da motoserra, facilitando ou provocando, rebotes, tiróns ou retrocesos bruscos da mesma. Traballar coa máquina nun estado deficiente de mantemento. Non adoptar as posturas axeitadas, provocando a caída contra á máquina en funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Indispensable o uso do EPI completo recomendado pola fabricante. Desprazarse coa cadea parada. Soster a motoserra firmemente no seu uso e empregar as grampas para suxeitala. Vixiar a parte superior dianteira da espada, para que non tropece con obxectos. Traballar coa máquina acelerada, esto evitará que se atranque. O efecto rebote pódese paliar coa cadea de seguridade e un correcto afiado, así coma co freo automático. Agarre axeitado da máquina, co dedo polgar arredor do agarradeiro para evitar que a motoserra saia das mans no caso de retroceso. Se é preciso empezar a cortar coa punta, facelo coa cadea en retroceso. Ter a motoserra en perfecto estado de mantemento e limpeza, para que funcionen tódolos dispositivos de seguridade dos que dispón.
<p>7. Golpes por obxectos ou ferramentas.</p> <p>Nota: Estes golpes danse na utilización de ferramentas manuais para o mantemento da máquina (limas, destornilladores, saca buxías, etc..) ou por golpes producidos ó camiñar entre pólas no propio monte.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Empregar ferramentas non axeitadas á tarefa. Camiñar detrás doutra persoa sen deixar espazo suficiente, o que pode provocar ser golpeado por pólas desprazadas por outros/as. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar as ferramentas de mantemento da motoserra (ou outras) nos usos para os que foron deseñadas. Camiñar deixando espazo suficiente coa xente que vai diante e poñendo atención ós posibles golpes con pólas en movemento. Utilizar os EPI's axeitados a cada tarefa.
<p>8. Proxección de fragmentos ou partículas.</p> <p>Nota: Nas tarefas de tala, tronzado e desramado, sempre se producen partículas de madeira que poden proxeccionarse contra o traballador/a, producindo feridas nas partes do corpo non protexidas ou danando os ollos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Non utilizar os EPI's axeitados. Posturas incorrectas cara o vento que poden favorecer a proxección das partículas. 	<ul style="list-style-type: none"> É indispensable utilizar o equipo completo de protección recomendado polo fabricante da máquina (pantalla, roupa e luvas). Adoptar a postura máis axeitada para evitar na medida do posible que as partículas vaian cara o/a traballador/a
<p>9. Sobreesforzos.</p> <p>Nota: O coñecemento das técnicas forestais é importantísimo no caso dos sobreesforzos, pois adoptando as posturas precisas e realizando as tarefas co procedemento axeitado poden evitarse ou minimizarse as consecuencias destas lesións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Utilización de técnicas non axeitadas e adoptar posturas forzadas impropias das tarefas realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Agarre axeitado da máquina, co dedo polgar arredor do agarre para evitar que a máquina saia das mans no caso de retroceso. Asegurar a motoserra contra o tronco e as pernas, isto aliviará o peso no seu lombo e brazos, permitindo usar o máximo de forza para controlar a máquina. Soster os cóbados nos xeonllos cando se traballe inclinado. Para levantar pesos, manteña sempre o lombo dereito e tan vertical como sexa posible. Utilizar as pancas. Utilizar as técnicas correctas e as posturas axeitadas para contrarrestar o esforzo.
<p>10. Contactos térmicos.</p> <p>Nota: Recoméndase esperar a que enfrie a máquina despois dun uso prolongado, para manipulara sen risco de queimarse, ben nas tarefas de mantemento ben nas de transporte, para evitar os contactos accidentais con zonas quentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Facer tarefas de mantemento da motoserra cando está quente. Contacto involuntario coa cadea quente no transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> Deixar arrefriar a máquina despois do uso prolongado. Utilización dos EPI's axeitados na manipulación da motoserra.
<p>11. Incendios.</p> <p>Nota: É doado provocar un incendio cando salta unha chispa ben no combustible derramado ben en calquera outro obxecto ou material susceptible de arder, e ó estar rodeado de vexetación seca non só arde con facilidade, senón que pode propagarse rapidamente poñendo en grave perigo tanto á xente coma ó medio natural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Acendido da motoserra no lugar da repostaxe. Provocar chispas por contactos metálicos con ferramentas ou coa propia motoserra. Fumar cerca de materiais combustibles ou durante a repostaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Nunca poñer en marcha a motoserra no lugar onde se realizou o enchido de combustible, nin fumar durante esta tarefa. Ter moita precaución coa utilización de chisqueiros, mistos e cigarros acendidos no conxunto de traballos forestais.
<p>12. Enfermidades causadas por axentes físicos: ruído, vibracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Falta de mantemento da motoserra que provoque a transmisión excesiva de vibracións ó traballador. Non empregar os EPI's, ou ben empregar os que non son axeitados 	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento continuo da máquina que evite a produción excesiva de vibracións (tanto no seu afiado coma no estado dos amortecedores). Utilizar os cascos protectores (ruído). Evitar a exposición innecesaria ou prolongada a estes axentes, cando sexa posible.

Coa vendima enriba, a Dirección Nacional do Viño do SLG valora a situación do sector

Pouca colleita de gran calidade e bos prezos nas uvas de castes nobres

Cunha colleita similar á do ano pasado ou incluso inferior nalgúns lugares, que vén a supoñer o terceiro ano consecutivo de escasa produción en Galiza, estase a vender a uva a mellor prezo que na pasada campaña, superando os prezos mínimos dos contratos homologados. A preocupación do Sindicato Labrego Galego céntrase no temor a que se xeneralicen os problemas de impagos ou o retraso nos pagos aos viticultores/as.

Unha primavera/verán cunha climatoloxía moi inestable trouxo consigo problemas de polinización na floración e, consecuentemente, unha baixa colleita. Pero a pesar deste tempo inestable as uvas atópanse moi sans e con moi boas cualidades para a vinificación.

Así, en todas as comarcas galegas as uvas de calidade das castes nobres están moi buscadas, mellorando os prezos que se ofrecen en relación á anterior campaña, e superando en moitos casos os prezos mínimos dos contratos homologados.

Esta mellora no prezo da uva non significa que todos os viticultores e viticultoras melloren a súa renda anual, xa que esta lixeira subida non compensa a baixada da produción.

A día de hoxe só Rías Baixas, Ribeira Sacra e Ribeiro contan con contratos homologados para esta vendima. Monterrei, a pesar dos moitos intentos feitos polo SLG, nunca fumos capaces de chegar a acordo coas adegas, polo que non hai contrato. Valdeorras finalizou o contrato na pasada campaña, o Sindicato Labrego Galego solicitamos en dúas ocasións a convocatoria da mesa do Viño para chegar a acordos e a Administración do PP non a convocou, polo que non

contan (de momento) con contrato.

Nas variedades brancas a demanda do sector elaborador supera a oferta do sector produtor, polo que pedimos se faga un grande esforzo de control, por parte dos Consellos Reguladores e das Subdelegacións do Goberno, para impedir que entre uva ou mosto de fóra.

A estabilidade e normalidade do sector débese fundamentalmente aos seguintes factores:

1-Levamos tres campañas seguidas con baixa produción, polo que as adegas non están sobradas de existencias.

2-A calidade das últimas colleitas foi excelente.

3-A crise castiga menos do esperado ao noso modelo de viños de calidade con prezos de gama media.

4-Os viños brancos gañan posicións nos hábitos de consumo en Europa.

Pero non estamos libres de problemas: tradicionalmente o sector do viño é un dos que tarda máis en pagar as uvas aos produtores/as, chegando incluso a verse como normal o retraso de un ano.

No SLG pensamos que temos que ir atallando esta cuestión e normalizar os pagos a 30, 60, 90 días como noutros sectores.

Non se pode pretender a profesionalización do sector cun retraso tan grande nos pagos, nin se pode pretender que sexan os viticultores e viticultoras quenes financien as adegas nos momentos nos que os bancos recortan os créditos para circulante.

Diego Sánchez Agra, Técnico Forestal

Demandamos un outro modelo forestal

Na última década constatouse unha tendencia á alza nos prezos da madeira en Galiza, derivada da diminución na produción dos estados competidores, en especial os países nórdicos (condicións climáticas), Rusia (estraxias políticas) e Portugal (vagas de lumes), así como pola baixada das importacións procedentes de Sur-América, motivada pola subida do prezo dos carburantes.

A estes factores hai que sumar tamén a elevada demanda de pasta de papel por parte dos países asiáticos.

Pero estes condicionantes non deixan de ser cuestións puntuais, que non reflicten a situación do mercado mundial nin a previsible evolución do mesmo.

De feito o sector da madeira en Galiza sufriu un duro revés no último ano, con unha profunda baixada no prezo da mesma, asociada á crise mundial na que estamos inmersos e agudizada polo exceso de madeira presente no mercado debido ós derrubes que produxo o ciclón Klaus en xaneiro de 2009 e que se cifran en 1.500.000 toneladas, ás que hai que sumarlle os danos sufridos en Francia que ascenden a uns 50.000.000 de m³ e que están a colapsar o mercado galego a baixos prezos.

Galiza atópase á cabeza da produción madeireira en Estado español con case o 50 % do total, o que supón o 3,5 % do P.I.B. de Galiza. Sen embargo estes datos non deben levar a falsos optimismos. No 2007 cortáronse no país 7.401.000 m³ dos cales 3,2 millóns foron de eucalipto e 3,8 de piñeiro, restando tan só 463.000 m³ de aproveitamento de frondosas caducifolias.

A madeira aproveitada aquí soe ser para serra e trituración, o resto é exportado, sobre todo como taboleiro, madeira en bruto e a procedente da primeira transformación, constituíndo un montante de 385,6 millóns de euros en 2008.

Nembargantes a importante industria galega do moble vese desabastecida de materia prima, importando gran parte da madeira que precisan. O total das importacións de madeira en Galiza ascenderon o ano pasado a 337,7 millóns de euros, deste dato está excluída a importación de moble e outros produtos manufacturados.

O futuro máis inmediato fai prever que o actual modelo co que Galicia pretende competir só en cantidade, con produtos de escaso valor engadido, pode deixar moi danado o tecido produtivo e empresarial dependente da madeira. Aínda que a nosa terra posúa unhas condicións idóneas para o crecemento das masas arbóreas, non podemos obviar os factores que condicionarán o mercado nos vindeiros anos:

1. Os países europeos, en especial os nórdicos, van por diante nos modelos produtivos, a silvicultura e a tecnoloxía aplicada ás masas de coníferas, que ademais medran no seu hábitat natural.

2.. O cono sur de América está a desenvolver unha produción moi elevada de madeira, con gran incidencia na adicada a pasta de papel. Sen un modelo produtivo sostible pero de alta rendibilidade nas primeiras quendas.

3. China, un dos grandes importadores de madeira, está a levar a cabo un forte impulso das repoboacións, de

cara a conseguilo autoabastecemento das industrias locais.

4. Ademais, semella inminente a incursión dunha importante papeleira portuguesa en Galicia e a vertente cantábrica, ao tempo que non está clara a continuidade da celulosa actualmente instalada no noso territorio. Debido a isto, todo o arco atlántico estaría controlado por un único grupo de empresas o que derivaría nunha baixada do prezo do eucalipto.

Por tanto aquí seguiremos a producir cantidade de madeira en bruto ou de primeira transformación a baixo prezo e a industria do moble e de segunda transformación continuará a importar materia prima de calidade cun custo cada vez maior.

É por todo isto que dende a Asociación Frouma e o SLG consideramos que debe haber un cambio na estratexia forestal, promovendo a multifuncionalidade do monte de xeito que se creen alternativas que produzan lucros en novos nichos de mercado.

No tocante á actividade madeireira, faise necesario adapta-las necesidades produtivas e empresariais, de xeito que a cadea "produtor/a - 1ª transformación - 2ª transformación - consumidor/a" se autoabasteza e se poidan colocar no mercado produtos de calidade con alto valor engadido, que permitan o rexurdimento dun sector cada vez máis degradado no noso país.

Por outra banda cabe considerar que a maior parte dos terreos afectados polo temporal estaban poboados por masas de eucalipto e piñeiro, que nalgúns casos xa presentaban deficiencias de crecemento e comezaban a presentar dificultades no seu aproveitamento.

Volver a instalar masas coas mesmas características nesas zonas non sería o máis idóneo.

Neste sentido, no mes de setembro, no seo da Mesa da Madeira, instamos ós representantes da Dirección Xeral de Montes a que, na elaboración da orde que regule as axudas para a recuperación das zonas forestais afectadas polo temporal, se teñan en conta os aspectos descritos neste documento.

Para a consecución destes obxectivos propoñemos que o articulado da orde se fundamente na seguinte orientación:

■ Promove-lo cambio de cultivo fronte á continuidade de masas condenadas ó fracaso.

■ Incentiva-la implantación de frondosas autóctonas.

■ Primar aquelas masas que vaian ser adicadas á produción de madeira de calidade e as que se destinen a simultanear distintos usos do monte (contribuíndo a xerar rendas intermedias que repercutan no desenvolvemento rural), así como aquelas repoboacións encamiñadas a recuperar espazos singulares e/ou degradados por consecutivas quendas de monocultivos.

■ Evita-la recuperación mediante o rebrote de cepa ou raíz en parcelas con tocóns avellentados ou procedentes de masas degradadas. No caso de levarse a cabo este tipo de tratamentos, asegúrala posterior selección de gromos, que asegure a viabilidade futura das masas.

■ Limita-la superficie continua repoboada coa mesma especie, favorecendo a biodiversidade e diminuíndo as masas mono-específicas.

Soberanía alimentaria, titularidade compartida e un dubidoso desenvolvemento rural sostible

Afiliadas e traballadoras do SLG participaron no Encontro Anual de Mulleres da COAG

Unha representación de afiliadas do Sindicato Labrego Galego de diferentes comarcas participaron o mes de setembro no Encontro Anual de Mulleres da Coag que nesta ocasión tivo lugar en Zamora e que contou con debates, charlas e visitas a proxectos xestionados por mulleres.

Unha das charlas correu a cargo da representante da Secretaría das Mulleres do SLG Isabel Vilalba, que destacou a necesidade de pór en marcha outras políticas agrarias e alimentarias que non se baseen, como acontece coas actuais, tan só na obtención de enormes beneficios para as grandes empresas, a costa de colocar na ruína a miles de familias labregas dos diferentes sectores.

Mulleres do viño, do leite, da horta, do sector da carne e de outras producións denunciaron a progresiva perda de ingresos sufrida nos últimos tempos e que foi paralela a un gran aumento dos custos, a ruína de pequenos proxectos promovidos por labregas, así como o roubo de sementes tradicionais por parte da industria, e mesmo a prohibición expresa de empresas da distribución para cultivar outras variedades diferentes das comerciais.

Neste loita pola Soberanía Alimentaria, con outros modelos de produción que garantan a alimentación e suficiente para os nosos pobos, con condicións dignas de traballo para as labre-

gas do mundo, valoramos positivamente o crecente número de labregas e labregos organizados a través da Vía Campesina, tal e como quedou de manifesto na V Conferencia realizada en Maputo (Mozambique) no ano 2008, así como a cantidade cada vez maior de organizacións sociais de todo o mundo que converteron esta loita nun obxectivo prioritario.

A Lei de Desenvolvemento Rural Sostible e a súa posta en funcionamento foi un dos temas arredor dos que se suscitou máis debate, posto que as mulleres denunciaron a falta de correspondencia entre os obxectivos que se dicían perseguir e as políticas reais.

Por unha banda, dise que se apoiarán prácticas máis sostibles a nivel ambiental ou de calidade, cando ao final as iniciativas diversificadas e menos dimensionadas que son as que mellor cumpren estes parámetros, a maioría xestionadas por mulleres, son os que máis atrancos e menos diñeiro reciben.

Paralelamente, invístense millóns de euros en macroproxectos promovidos moitas veces por empresas, que xeran grandes cantidades de residuos, con moito custo enerxético e que teñen como obxectivo obter grandes cantidades de alimentos de dúbidosos efectos para a saúde, a baixo custo.

A Comisión Europea e neste caso o Ministerio din e fan exactamente o contrario,



Como acontece sempre, destaca a sintonía e o compañeirismo entre mulleres que teñen unha das profesións máis importantes do mundo: alimentar as nosas sociedades e preservar un medio que tamén é fundamental para a vida.

presentanse á sociedade con un verniz verde pero o que defenden de xeito maioritario son os monocultivos industriais en grandes cantidades.

A participación dunha representante do Ministerio versou sobre as canles de participación para mulleres nos Grupos de Desenvolvemento Rural Comarcais e na Rede Creada a Nivel Estatal, así como sobre o Real Decreto de Titularidade Compartida nas explotacións agrarias.

Neste sentido, salientouse que quedaba moito que avanzar, posto que co Real Decreto só se crea un rexistro administrativo e non se consegue a igualdade real entre cotitulares homes e mulleres nas explotacións,

extremos que xa salientou no seu día o Sindicato Labrego e posteriormente o informe do Consello de Estado.

Non só houbo tempo para debates e obradoiros, senón tamén para intercambiar sementes tradicionais das distintas comarcas, momentos para degustar produtos elaborados polas mulleres de Zamora, unha presentación dunha cooperativa de mulleres que decidiron envasar cogumelos e outros froitos da zona e montaron un restaurante con estes produtos, e visitas a unha compañeira que elabora conservas caseiras e a outra familia que fai queixo de ovella en ecolóxico.

Sabemos que o actual modelo neoliberal exclúe á

maioría da poboación do mundo, de xeito maioritario labregas, e moitas veces pobreza e violencia contra as mulleres mesmo van da man.

Historicamente houbo moitos momentos nos que unha minoría privilexiada gobernaba e mantiña en condicións pesimas a maioría da poboación, e mudaron debido á insustentabilidade asociada á propia inxustiza destes sistemas.

Soa semellante ao que está a acontecer hoxe en día en moitas partes do mundo.

Sen embargo, cada vez somos máis mulleres e homes que loitamos por algo radicalmente diferente: a soberanía alimentaria

A "píldora do día despois" chega ás farmacias

A ministra de Sanidade e Política Social, Trinidad Jiménez, anunciou que a "píldora do día despois" venderase en farmacias, sen receita médica e a mulleres sen li-mitación de idade, ademais de nos centros de planificación familiar e nos xinecólogos, como acontecía ata agora.

A ministra sinalou que coa venda libre en farmacias, noutros países como Francia, Bélxica, Reino Unido, Dinamarca, Luxemburgo ou Estados Unidos conseguiron significativas rebaixas no número de embarazos non desexados. Lembrou que no 2007, dos 112.000 abortos que se realizaron no Estado, máis de 6.000 eran mozas menores de 18 anos; e máis de 4.000 rapazas foron nais sendo menores.

Trinidad Jiménez sinalou que a píldora do día despois é unha "fórmula anticonceptiva de emerxencia" e non debe empregarse como método habitual para previr embarazos, asegurando que non considera que exista este perigo dado que isto tampouco ocorre noutros países de venda libre.

ATENCIÓN MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal.

Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.

Producir alimentos lonxe de onde se consumen e fomentar a especulación coa alimentación

A nova colonización: mercar as terras dos outros países

A compra de terras en países en desenvolvemento intensificouse nos últimos anos debido ao crecente nerviosismo dos países importadores de alimentos perante a subida dos prezos nos mercados mundiais. Ademais, estas operacións están a ser vistas como un bon negocio, pois todo indica que o prezo das terras cultivables vai subir a longo prazo.

Malia que poida resultar sorprendente para moitas e moitos de nós, estamos a falar dun fenómeno en pleno auxe: a compra ou arrendamento por parte de países ricos de terras fértiles en nacións pobres, principalmente de África, para asegurarse a subministración de alimentos.

A escaseza de auga, a subida dos prezos dos produtos básicos, o crecemento da poboación e o alto custo da enerxía están detrás dunhas operacións que, sen ser novas, están a adquirir grandes proporcións e teñen consecuencias económicas, sociais e políticas cada vez máis fondas.

Coñecido en inglés como *land grabbing* -expresión que podería traducirse como "apropiación de terras"-, fai moito dano ás poboacións

locais, que con frecuencia quedan á marxe da negociación dos acordos.

Trátase dunha estratexia que ben podemos catalogar de "neocolonialista" porque esquilma os recursos naturais de países que, en moitos casos, xa teñen os seus propios problemas de escaseza de alimentos.

O estudo máis completo sobre a cuestión efectuado até o momento, publicado en maio polo Instituto Internacional para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (IIED), nas súas siglas en inglés), certifica que a apropiación de terras é un fenómeno en ascenso, e advirte de que é cada vez maior o risco de que as labregas e labregos máis pobres acaben sendo expulsados das súas terras ou perdan o acceso á auga e a outros recursos.

O propio director da

FAO, o senegalés Jacques Diouf, declarou o 10 de setembro ao Wall Street Journal a existencia dunha "alerta do neocolonialismo de terras nos países do Sur por especuladores con materias primas e alimentos".

Entre os riscos deste acaparamento de terras, o primeiro o primeiro é o desposuímento dos países que venden as súas terras da posibilidade de acadar a soberanía alimentaria, xa que non tería terras onde producir a alimentación precisa para aliementar ao seu propio pobo, mentres os seus campos cultivados levarían o gran ao estranxeiro.

Tamén é alarmante a situación das tribos indíxenas ou das labregas e labregos sen documentos de propiedade, que poden verse expulsados facilmente das súas terras.

Máis información no teu local do SLG ou na web <http://farmlandgrab.org/tag/espanol-language>



China, India e Corea do Sur encabezan a lista de compradores. China, que comezou hai dez anos a alugar terras para cultivar en Cuba e México, está permanentemente en busca de contratos para garantir a subministración ás súas máis de 1.300 millóns de habitantes. Aos xigantes asiáticos séguenlles de cerca países do golfo Pérsico como Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos e Qatar, ricos en capital pero cuxa escaseza de auga fai imposible a produción de alimentos.

Comida que xa non sabe a nada

Fai 10.000 anos, cando o ser humano abandonou o seu nomadismo recolector e pasou a vivir da agricultura, deu inicio a unha selección das plantas, apartando por exemplo os mellores figos, as cabazas máis gordas e as espigas máis vistosas, supunendo unha enorme manipulación xenética natural que conseguiu, por exemplo, que certas hortalizas se desprendan do seu lado máis amargo ou mesmo venenoso.

Até hoxe. Pero en todos eses séculos, as froitas non perderon o seu sabor. Que pasou nas últimas décadas?

Numerosas teorías apuntan que un enorme cambio social propiciou esta desfeita do bo gusto. A poboación que antes foi rural medra agora nas cidades e cada vez hai menos hortas nos pobos e menos xente que se adique a elas.

As explotacións son intensivas, destinadas a unha produción de alta eficacia que satisfaga centos de bocas que queren comer á carta. Iso, nos países desenvolvidos. "A xente ten dereito a elixir. A intensificación permítonos ter o que necesitamos", di Carlos Vicente, da multinacional de sementes transxénicas Monsanto.

Sen embargo, "A recolección prematura, para que o froito chegue presentable aos mercados despois dun longo transporte interrompe o ciclo da planta; o que non sintetice no chan xa non o fará", explica a Doutora Inxeñeira Agrónoma e Catedrática da Universidade Politécnica de Valencia, María Dolores Raigón.

A iso hai que engadir as cámaras frigoríficas para prolongar a comercialización. "As vitaminas non se sintetizan nas cámaras", asegura a científica. Xunto a esa recolección prematura, Raigón cita outros dous factores que, ao seu xuízo, inflúen na perda de nutrientes: a substitución de variedades locais por outras e a perda do chan, por esgotamento ou porque as hortas sucumbiron ante fileiras de chalets adosados.

"E esas hortas en terreo chaira, no mesmo sitio en que se situaban as poboacións, eran as máis fértiles, porque alí quedaba depositado o mellor das erosións", engade Raigón. "Se un chan carece dun mineral, por máis fertilizante que se lle engada, o equilibrio está roto, nunca será o mesmo para a planta. E non hai alimentos de calidade sen chans de calidade", non se cansa de dicir a catedrática.

Tarifas Eléctricas

No anterior FOUCE, xa falamos sobre os cambios no suministro eléctrico no mercado liberalizado.

Nas potencias contratadas ata 10 kW, temos un prezo regulado (Tarifa de Último Recurso, fixado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Nas potencias superiores a 10 kW, é onde temos que pasarmos obrigatoriamente ó mercado libre pero, dado que non había ningún prezo de referencia por parte das compañías, a recomendación era que se esperase ás ofertas que saísen, xa que nos manteríamos durante un tempo na TUR. A partir do 1 de outubro as persoas que teñan esta potencia contratada, empezarán a sufrir un incremento trimestral do 3%, e aínda non hai ofertas claras.

Nos cadros que aparecen a continuación, preténdese facer un resumo coas tarifas das compañías que operan na nos comunidade.

De tódolos xeitos, as empresas comercializadoras din que non hai un prezo definitivo, senón que son referenciais. O prezo dependerá das características de

cada cliente/a. Dependerá da potencia contratada, da tensión, da enerxía... Fan valoracións individuais.

As tarifas tamén variarán de si a facturación é con ou sen discriminación horaria

Na discriminación horaria distinguimos dous períodos en potencias ata 15kW/potencia:

Inverno:
Punta: 12:00 – 22:00
Val: 24:00–12:00 /22:00– 24:00

Verán:
Punta:13:00 – 23:00
Val: 24:00–13:00 / 23:00– 24:00

Para máis de 15 kW/potencia, diferéncianse tres períodos:

Inverno:
Punta: 18:00 – 22:00
Chairo: 8:00 – 18:00 / 22:00 – 24:00
Val: 0:00 – 8:00

Verán:
Punta: 11:00 – 15:00
Chairo: 8:00 – 11:00 / 15:00 – 24:00
Val: 0:00 – 8:00

Os cambios de horario coincidirán coa data do cambio oficial de hora.

Máis de 10 kw/potencia ata 15 kw/potencia

		Término de potencia (€/KW/mes)		Término de Enerxía	
		Punta	Val	Punta	Val
ENDESA	sen discriminación horaria	2,07975 €		0,133245€	
	con discriminación horaria	1,8585 €		0,143063	0,063107
UNIÓN FENOSA	sen discriminación horaria	1,770000 €		0,113400 €	
	con discriminación horaria	1,770000 €		0,136250	0,060102
IBERDROLA	sen discriminación horaria	2,0513 €		0,133245	
	con discriminación horaria	Punta	Val	Punta	Val
		1,858500	1,085850	0,143063	0,060102
HIDROCAN-TÁBRICO	sen discriminación horaria	1,770000 €		0,113400 €	
	con discriminación horaria	1,770000 €		0,136250	0,055812
EON	sen discriminación horaria	2,029 €		Consumo de +4000 kw/ano: 0,12452 €	
	con discriminación horaria	2,029 €		Consumo de -4000 kw/ano: 0,13291	

A partires de 15 kw/potencia

	Término de potencia (€/KW/mes)			Término de Enerxía		
	Punta	Chairo	Val	Punta	Chairo	Val
ENDESA	1,8585 €			0,150208	0,121359	0,082405
UNIÓN FENOSA	1,77 €			0,143055	0,115580	0,078481
IBERDROLA	Punta	Chairo	Val	Punta	Chairo	Val
	0,9165	0,5499	0,3666	0,150208	0,121359	0,082405
HIDROCAN-TÁBRICO	1,770000 €			0,143055	0,115580	0,078481
EON	Punta	Chairo	Val	Punta	Chairo	Val
	0,954	0,572	0,382	0,14755	0,11921	0,0894

BONIFICACIÓN DE COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL A FAVOR DE TRABALLADORAS AUTÓNOMAS QUE SE REINCORPORAN DESPOIS DA MATERNIDADE.

As traballadoras autónomas que cesen na súa actividade por maternidade, que disfruten do período de descanso correspondente e volvan a realizar unha actividade por conta propia nos dous anos seguintes a data do parto poden solicitar unha bonificación do 100% das cotas da seguridade social por continxencias comúns.

O período de bonificación será de 12 meses e a contía para o ano 2009 ascende a 156,30€ mensuais.

Para máis información poden acudir aos locais do SLG.

Se queres recibir os comunicados de prensa do Sindicato Labrego Galego envíanos un correo a prensa@sindicatolabrego.com ou ponte en contacto co local do SLG da túa comarca.

Inspeccións da condicionalidade.

Como verades neste Fouce nas páxinas de Galiza, Nestes días pode que inspectores do Medio Rural pasen polas vosas explotacións a facer inspeccións aos/as que recibistedes as seguintes axudas:

- Pagamento único
- Cultivos herbáceos
- Ovino-cabrun
- Carne de vacún (nutrices, sacrificio,pagamentos adicionais)
- Pagamento adicional do sector lácteo

Para mais información pasate polo local do SLG

Axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas (DOG 29 de setembro de 2009)

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións leiteiras que presenten un plan de mellora da competitividade da súa explotación.

A contía da axuda varía, en función das características da persoa beneficiada, entre o 45% e o 65% do importe dos investimentos realizados. Os investimentos elixibles poderán chegar a un máximo de 100.000 euros por UTA sen superar os 200.000 euros por explotación.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 29 de outubro de 2009.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

-Mitsubishi Pajero 2500 ano 1994
-Seat Panda
-Roto Alpacadora Galliniana.
-Contacto Martín
TLF. 609.31.14.16 ou 988.30.46.21

Tanque de frío ALFA LAVAL de 250 litros
TLF: 986548219 ou 619900871

Sá de ordeño de seis puntos.
TLF: 64818757

Rabaño de ovelas e cabras.
TLF: 982 178 988
A partir das 21,00

Arado KUHN modelo 465 de importación con reseta variable e punteiras
precio 2000€ (Severino)
TLF: 630 84 86 43

Circuito de ordeño WESTFALIA, bomba de 400, con 4 puntos de ordeño, 2 hileras, 30 picas e lavado automático. Prezo a convir
TLF: 630 84 86 43 (Severino)

Subsolador marca Yimpa
TLF.: 696 004 515

Véndense becerros cebados de mais de 140 kilos criados na Serra do Suido (O Covelo - Pontevedra)
TLF: 986-668820; 626-442294 ou 699-833797

Invernadero BITUMEL de 700 m²
TLF: 679 970 504

Desensiladora marca MU-LLOSA. Bó prezo
TLF: 982 157 245 ou 636 86 30 82

30 rolos de herba seca. O Corgo, Lugo.
TLF: 982 176 748

Motor marca deutz 4 cilindros con bomba rovari enroliador hidrotéc de 300 metros 250 tubos de 4" (A Limia)
TLF: 660 83 88 43 e 639 72 53 37

2 máquinas seminovas, BERTOLINI BCS.
TLF: 981 669 245 (Lourdes)
Camada de cachorros de Pastor Belga, negros. A nai filla de campeón do estado (Zar).
TLF: 982.164051 / 660.442.783

Vacas frisonas.
TLF: 982.332065

4 llantas de marca Mon de coche de 5 buracos remolque de tractor preparado para fardos de herba Coche Audi 80.
TLF: 686596260 (Ovidio)

Rolos de herba seca de boa calidade en Vilachá de Mera (Lugo). Chamar polas tardes. 18 €/unidade.
TLF: 666 826 910

Segadora rotativa de dous platos de 1,85 de corte marca AUSAMA, 3 campañas estado impecable
TLF: 620.571.533

Por abandono véndense vacas de leite e xovencas, rolos de silo, silo de pienso de 8.000kg dividido, circuito de catro puntos, tanque de frío 1100L, autocargador en bo estado. Zona de Monfero
TLF: 659 213 085

FORD TRANSIT CONECT 1.8 TDCI ANO 2003 (8000€ transferido)
TLF: 639 006 214 Chamar de 5 a 10 horas.

Máquina de coser industrial económica e en bo estado, preguntar por: María
TLF: 986656269

Touro Frisón de 15 meses.
TLF: 679-38-29-90 (Susso)

Véndese cuba de madeira en bo estado.
TLF: 982 172663
Chamar de 14 a 15 horas.

Véndese 4 vacas 2 limosine e 2 do país. José Manuel (Outes)
TLF: 981 856110

Vendo un cabalo inteiro de 3 anos, manso a bo prezo.
TLF: 630 56 13 10

Vendo vacas nubias
TLF: 689 752 400
Xaulas de coellos novas, seminovas a moi bo prezo
Tel: 649531430/639772811

Tanue Alfa Laval 545 litros 5 anos de uso.
TLF: 628-29 36 34

Remolque para transporte de rolos de herba
TLF: 657 361 197
de 13 a 14 e de 21 22

Millo para silo
TLF: 639.50.32.10

Motosegadora BERTOLLINIEN moi bo uso (ten os primeiros dedos/dentes) tamén dispoñible con remolque.
TLF: 650.22.01.84

Pisón e grade de dentes + circuito alfa laval 3 puntos + tanque do frío 550L + remolque de tractor. Por abandono zona de Boimorto
TLF: 660-48-58-56

Ovos de Gallina Piñeira e Gallina Negra.
Telf: 665 64 77 93 (A Coruña)

Máquinas de limpar o trigo e un muiño eléctrico e un arado grabante.
TLF: 982 175 132

Lousa de pizarra e muiño de pedra eléctrico.
tlf: 981.798.742

Participación en S.A.T. na provincia de Lugo
TLF: 679545951

Por xubilación véndese mezcladora de cereais, bigas de ferro de 7 m de longo e outro material de uso gandeiro.
TLF: 982 218 636 (noites)

60 rolos de herba seca, 10 rolos de palla. En Barónclle (Abadín)
TLF: 982 178970

Vacas de carne, Arzúa
TFNO. 626 31 50 59

Tolva arrastrada con portas laterais de 8.000 kg con reductor na cinta con piño desmontable.
TLF: 650 019 275

Véndese participación en S.A.T. na provincia de Lugo.
TLF: 669 180 312

3 parcelas en Cabaleiros- Tordoaia,
TLF: 696 98 92 02

Coche sen carnet en perfecto estado, motor 2 tempos. BON PREZO (negociable).
TLF: 627 474 820

Touro limusín de 5 anos, moi manso, con carta xenalóxica.
TLF: 982 207 733 / 685 884 257

Sala de ordeño MELKER, 3 puntos, lavado automático. Gontaz, Carballo
Tlf 651 86 11 32, José

Vacas frisonas: Boa xenética, control leiteiro, media de produción 9.600 l., media calificación 81, libre IBR-BVD. Granxa do Ferreiro. Muros - Allo Xestoso - Monfero
TLF: 610962132 / 626250993 / 981196919

Touro rubio galego. Moi guapo e moi manso.
TLF: 981 196 923

Rabaño de 75 ovelas e 10 cabras, con puntos, no concello de Paradelá.
TLF: 982 15 7436 (noites)

Sala de mixir
TLF: 648 187 856

40 ferrados de herba seca en Ambroa (Irixoa)
TLF: 646730416

Boi do país dun ano e medio
TLF: 636 984 730

Becerras (dúas rubias e unha rubia de aquitanía)
TLF: 982 39 10 08

Vaca de leite de primeiro parto con carta
TLF: 626 334 770

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF: 982 50 57 55

- 5 vacas, dúas delas preñadas
- Abonadora cun ano de uso.
- Arado de cinco sachos.
- Arado de vertedeira.
- Sistema en moi bo estado matriculada
- Segadora DCS matriculada
- Fresadora inglesa en bo estado
- Tanque de frío de 500 litros
- 2 caldeiros de ordeñar de 40 litros de aceiro inoxidable
TLF: 981 798 681

Herba seca a bo prezo. Lugo.
TLF: 659 643 489

Cachorros de mastín.
TLF: 630 561 310en Friol

Pala mixta retro-excavadora marca BENATI.
TLF: 660 442 783 (Raúl)

-Viño tinto da variedade TEMPRANILLO e MENCIA. Zona de produción. MONTERREI.
-Estrulladora trifásica bomba trifásica.
TLF: 636 900 607

Remolque autocargador picador, marca CLASS 335.
TLF: 982144182 ou 630528721 (Paco)

Semente de herba Raigrass italiano.
TLF: 677 244 325 (Juan Carlos)

Tanque de frío JAPY de 1200L, perfecto estado, precio a convirContacto:
TLF 658 628 448 ou 981 895 1880

Sala de Ordeño Miele 5 puntos con pulcadores electrónicos. Arzúa.
TLF: 981 51 77 55 ou 619 88 5180

Novilla de carne (cruce) de 6 meses.
TLF: 986 586 544

Dúas novillas rubias preñadas.
TLF: 619 142 262

Autocargador Rotativo Marca MEGAL con 1 ano de uso, con documentación e tódalas extras. Zona Arzúa.
TLF: 677 62 52 45 (Susso).

15 ovelas, 1 carneiro e 5 años, posibilidade de 1 mastín e un pastor alemán que están sempre con elas no monte. Ovelas 60€/ unidade.
TLF: 981.886 718 ou 686.577.281(Fina)

Peugeot 206 do ano 2001 con 140.000 Kms. Bo estado.
TLF. 981 797 225 / 646 910 747

Cuba semprechea. Modelo INOX AISI 316.3.000 litros. Económica.
TLF: 986-666107 (Manuel)

Rabaño de 12 ovelas A Cañiza.
TLF: 986-652-271 (Carmen)

11 Ferrados de millo para ensilar e 5 ferrados de millo de espiga en Ordes.
TLF: 981 69 92 04

-Segadora BCS dun ano de uso
-Ovelas preñadas
TLF: 981 788 210

Leña de abedul; son altos, delgados e fáciles de preparar. Zona de Rodeiro, Oza dos Rios.
TLF: 981 798 681 (Eduardo)

Can pastor belga (7 meses), en Goiriz.
TLF: 697 294 144

Unha novilla de raza rubia e unha de raza frisona, próximas ao parto.
TLF.: 697 422 304 (Sandra)

Trigo do país (Irixoa)
TLF: 981 798 785 (Isabel)

Patacas. Comarca de Ordes
TLF: 981 695 5 88

Rolos de herba seca e de silo.
TLF: 982 505 798 ou 610 472 095

-Vacas e novillas frisonas: boa xenética, control leiteiro, media produción 10.370 l., media calificación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500L.
TLF: 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

10 novillas Limousine.
TLF: 982 207 733 ou 685 884 257

Xaulas de coellos a moi bo prezo.
TLF:649 531 430 ou 639 772 811

Coche sen carné: LIGIER AMBRA GLX. Tén todos os extras.
TLF: 653 204 315 ou 648 641 404

Herba en fardos da tempada.
TLF.: 628 266 689

Desensiladora marca mullós en bó estado a bó prezo.
TLF: 982 157 245 ou 636 863 082

-JOHN DEERE 2850, dobre tracción, aire acondicionado, rodas a medio uso, cabina SG2.

-AUDI 80 1.8E e remolque de tractor preparado para burros. Tamén se venden llantas de coche MOMO de 5 buratos e 15 palgadas.
TLF: 686 596 260.

COMPRAS

Merco cabras e ovelas para explotación no Courel.
TLF: 617211528 / 648147520 (Pilar)

Merco tractor de 30cv de 2ª man.
TLF: 626 439 145 (RAMIRO)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese chófer para maquinaria agrícola.
TFNO: 629651172

Ofrécese peón para explotación agraria ou gandeira. Preguntar por: Juan TLF: 620162893

Fanse todo tipo de traballos agrarios: desbroses de montes, carreteras, plantacións, podas.
TLF: 629 870 302 (Alberto)

Mozo neozelandés estudante de veterinaria ofrécese para traballar e facer prácticas en explotación. Con experiencia en prácticas en Nova Zelanda.
ddaliaga@gmail.com

Ofrécese rapador profesional para campaña setembro-marzo. 1,30€ cada ovella.
TLF: 618 778 378 (Atliano)

Búscanse persoas para traballar como xardiños/as en Belanzos
TLF: 981785548

Ofrécese traballadores para explotación.
TLF: 696 393 636 (Rui e Kelvin)

OUTROS

Agasallo canciño mezcla pastor belga mallinois e pastor alemán. Como vai medrar bastante necesita unha casa grande non un piso, ademais son moi dinámicos e necesitan correr moito. E claro quere un dono ou dona que lle preste atención e o coide ben." Belanzos.
sac_seguros@ofimega.eu

Arréndanse 78000 kg de cuota. Grixalba- Sobrado.
TLF: 981 787 686

Arréndase lugar, 37 Ha, casa, nave, cota láctea. Producción ecolóxica.
TLF: 616 627 318.

Arréndanse 35150 kg de cota (Sobrado)
TLF: 628 29 36 34

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Disfruta



www.terneragallega.com

POR CALIDADE, POR GARANTÍA,
POR CONFIANZA

A carne de Ternera Gallega achégache os nutrientes necesarios para unha alimentación sa e equilibrada. Goza dunha carne única dende a orixe ata que chega a túa mesa.

Ternera Gallega




ANIVERSARIO • 1989-2009
TERNERA GALLEGA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



 FEADER:
Europa inviste
no rural



Eu Quéro 